



Antonio Fraguas Fraguas



3º de Ed. Primaria
Día das letras galegas 2019

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

3º e 4º de Educación Primaria



Antonio Fraguas Fraguas naceu nunha aldea do concello de Cotobade, en Pontevedra, o 28 de decembro de 1905.

Era fillo de Manuel, emigrante en Brasil, e Teresa. Os estudos primarios realizounos na súa aldea e nunha escola «de pago» dos arredores, trasladándose, xa de mozo, a Pontevedra a facer o bacharelato e a Santiago a estudar Filosofía e Letras.

De estudante comezou a interesarse polas cousas de Galicia: os seus costumes, o folclore, a xeografía... chegando a crear a Sociedade da Lingua para a defensa do idioma galego.

Traballou como profesor na Facultade de Xeografía e Historia e como catedrático nos institutos da Estrada, Lugo e Santiago.

Foi membro do Instituto de Estudos Galegos e primeiro director do Museo do Pobo Galego de Santiago de Compostela.


É autor dunha chea de libros e artigos en revistas e xornais, tendo todos eles a Galicia como tema: *Lugo*, *Castelao en Cotobade*, *Algunhas cantigas do mar*, *Galicia Máxica*...

En 1956 ingresa na Real Academia Galega e pasa a ocupar a cadeira que fora de Castelao.

Este ano Antonio Fraguas é o autor homenaxeado no Día das Letras, recoñecendo así toda unha vida adicada á defensa dos costumes, das tradicións e do idioma galego.




ANTONIO FRAGUAS, CANDO TIÑA 20 ANOS E ESTUDABA NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO.



EN «GALICIA MÁXICA» RECÓLLENSE NUMEROSAS LENDAS E TRADICIÓN DO NOSO PAÍS.

ACTIVIDADES

1.- Resolve este encrucillado relacionado coa biografía de Fraguas.



VERTICAIS

A.- Concello onde naceu Antonio Fraguas.

B.- Tema principal das súas obras.

HORIZONTALAIS

1.- Cidade onde estudou o bacharelato.

2.- Cidade na que fixo os estudos de Filosofía e Letras.

3.- Profesión do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.

4.- Intelectual e político galego que ocupou a mesma cadeira que Antonio Fraguas na Real Academia Galega.

5.- Cargo que ocupou no Museo do Pobo Galego.

VERTICAIS: A.- COTOBADA B.- GALICIA
HORIZONTALAIS: 1.- PONTEVEDRA 2.- SANTIAGO 3.- PROFESOR 4.- CASTELAO 5.- DIRECTOR








2.- Completa esta táboa. Fíxate ben nas «pistas».








| PREGUNTA QUE DEBO FACER... | PARA QUE SEXA ESTA A RESPOTA . |
|--|--|
| | Cotobade |
| | Pontevedra |
| <i>Onde estudou Filosofía e Letras?</i> | |
| | Para a defensa do idioma galego |
| <i>Onde traballou como catedrático?</i> | |
| | No Museo do Pobo Galego |
| <i>Cales son algunhas das súas obras que teñen a Galicia como tema?</i> | |
| | En 1956, na cadeira de Castelao |
| <i>Que é o que se lle recoñece a Antonio Fraguas ao dedicarlle o Día das Letras Galegas?</i> | |







3.- En *Galicia Máxica* recóllense algunhas lendas e tradicións de Galicia. Ocorrésече algunha outra lenda que se poidera incluír neste libro?




4.- Segue o código e completa o título dunha obra de Antonio Fraguas.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|--|---|
| M | G | A | C | X | I | L |
|  |  |  |  |  |  |  |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|--|
| | | | | | | |
|  |  |  |  |  |  |  |

| | | | | | |
|---|---|--|---|---|---|
| | | | | | |
|  |  |  |  |  |  |

Correo Gallego
 Antonio Fraguas


5.- Traballou nos institutos de Lugo, A Estrada e Santiago. Se Antonio sae de Lugo e vai primeiro para Santiago e despois vai A Estrada e finalmente volve a Lugo, cantos quilómetros percorre ese día? E cantos quilómetros percorrería nos cinco días lectivos da semana?

LUGO-SANTIAGO ——— 115 km.
SANTIAGO-A ESTRADA — 25 km.
A ESTRADA-LUGO ——— 115 km.



**TEXTOS ANTONIO FRAGUAS
LETRAS GALEGAS 2019**

**ACTIVIDADES
3º EDUCACIÓN PRIMARIA**


AS ESTRELAS DE RABO

Hai unha fonda preocupación coas *estrelas de rabo*, os cometas. Na presenza dun dos derradeiros, un veciño falou da estrela con fonda preocupación por temor a certos males que podían vir para a xente, para as terras e para os animais. Cando hai moitos anos, no 1910, apareceu nos nosos horizontes o cometa Halley as xentes pensaban que viña a fin do mundo, que o rabo da estrela queimaría a Terra e morreríamos todos.

É curioso que a súa aparición foi sempre estimada como anuncio da fin do mundo. Tampouco agradaban as estrelas fugaces ou a desaparición dalgunha estrela que se observa determinadas noites.

As fugaces na miña terra chámanlle as Carreiras de San Lourenzo por verse moito nos comezos do mes de agosto. E das estrelas que se perden estímense almas do outro mundo que van en procura do ceo.

Non deixa de ter gracia a finura da copla que compara a estrela perdida cos ollos da súa moza:



*Unha estrela se perdeu
no ceo non aparece,
na túa cara se meteu
nos teus ollos resplandece.*

ACTIVIDADES

1.- Lembras o texto?

- Como se chama o cometa do que fala o texto?

- En que ano apareceu nos nosos horizontes?

- De que outra maneira se coñece aos cometas?

- Como se chaman as estrelas fugaces na terra do autor do texto?



2.- Busca no texto.


- Tres substantivos.

- Dous adxectivos.

- Dous verbos en infinitivo.

- Dous nomes propios.

3.- Segue a serie (de 15 en 15) e atoparás a constelación da Osa Maior.



4.- Se o cometa Halley apareceu nos nosos horizontes no 1910, cantos anos hai diso? Colorea primeiro o que terás que facer.

SUMAR

RESTAR

MULTIPLICAR


DIVIDIR

| | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |



Solución:

5.- Resolve estes xeroglíficos.



Que planeta é?

MARTE



Que aconteceu no ceo?

ECLIPSE




Vimos un hai anos.

COMETA


6.- Verdadeiro ou falso?

- O movemento de rotación e traslación da Lúa dura exactamente o mesmo: 28 días.
- O de rotación da Terra non dura exactamente 24 horas, senón 23 h e 56 min.
- Xúpiter é o planeta máis grande, pero está composto case exclusivamente por gases.
- Os cráteres da Lúa foron provocados por impactos de meteoritos e outros corpos.
- En realidade a Terra non xira, é o Sol quen o fai.





7.- Pon cada estación do ano ao lado da súa característica principal.

- Os días son longos.
- Os días son curtos.
- As árbores teñen follas.
- As árbores perden as follas.



O ENCRUCILLADO



VERTICAIS

1.- O planeta máis próximo ao Sol.

HORIZONTAIS

1.- Coñecido como o planeta vermello.

2.- O planeta máis alonxado do Sol.

3.- Planeta onde vivimos.

4.- Está entre Mercurio e a Terra.

5.- Ten enormes aneis.

6.- O máis grande do Sistema Solar.

7.- Está entre Saturno e Neptuno.

VERTICAIS: 1.- MERCURIO 2.- NEPTUNO
HORIZONTAIS: 1.- MARTE 2.- NEPTUNO
3.- TERRA 4.- VENUS 5.- SATURNO 6.- XÚPITER 7.- URANO

O MAGOSTO

AS CASTAÑAS DO CHAN SON DE QUIEN AS COLLA

Hai que facer o magosto ou magusto, como se decía por moitos lugares pontevedreses e así figura no desprecio que se fai a unha oferta das castañas:

*Non chas quero, non chas quero,
castañas do teu magusto
non chas quero, non chas quero,
que me cheiran ao chamuscc*

Desapareceron moitos soutos de castiñeiros, a árbore que deu a madeira aos artistas para imaxes e retablos de grandes catedrais, nas igrexas campesiñas, das ermidas isoladas, nas casas nobles, nos castelos e nos pazos, aínda son a gala de moitas vivendas señoriais os mobles de pasados estilos. Daban para os rapaces as follas para facer gorros, coséndoas con espiñas de toxo arnal, de preiro ou de fino garabullo seco; das candeas para facer cordóns tecidos para adorno das gorras. O froito foi alimento fundamental durante séculos, conservado no canizo das cociñas onde a moza está realizando un traballo aínda que non o pareza:

*Moza que estás no canizo,
bota castañas abaixo,
anque non teñas mandil
acádochas no refaixo.*



ACTIVIDADES

1.- Lembras o texto?

- O protagonista do texto é unha árbore, sabes cal?

■

- Como se chama un bosque cheo de castiñeiros?

■

- Que parte do castiñeiro usaban os artistas? E os rapaces?

■

- Atopas no texto un arbusto típico de Galicia?

■

- Busca no texto, polo menos, dous tipos de edificios.


■

- Cantas palabras relacionadas coas árbores podes atopar?

■

2.- Se no colexio somos 185 alumnos e alumnas e cada un trae 10 castañas para facer un magosto, cantas castañas teremos en total?

| | | | | |
|--|--|--|--|--|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |




Solución:

3.- Atopa na sopa de letras as seguintes árbores:

| | | | |
|-----------------|-------------------|-----------------|----------------|
| CARBALLO | CASTIÑEIRO | OLIVEIRA | |
| CAMELIA | PIÑEIRO | TEIXOS | OBREIRA |

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A | S | C | A | S | T | I | Ñ | E | I | R | O |
| N | O | A | A | S | I | E | P | E | A | T | O |
| F | R | R | D | O | B | E | I | L | B | A | I |
| S | O | B | R | E | I | R | A | X | D | U | L |
| T | O | A | R | I | E | V | I | L | O | R | E |
| O | N | L | S | O | R | I | E | Ñ | I | P | O |
| X | E | L | O | N | N | O | G | A | R | D | R |
| X | E | O | O | N | A | I | L | E | M | A | C |



4.- Nas coplas que aparecen no texto hai palabras que riman. Intenta buscar ti palabras que rimen con estas:

| | | | | |
|--------------------|---------------|----------------|-----------------|---------------|
| CONTRABAIXO | AFORRA | ENCAIXO | PETOLITO | |
| BORRA | FOXO | COXO | REFAIXO | COLITO |

| | |
|---------------|----------------------|
| TOXO | <input type="text"/> |
| SOUTO | <input type="text"/> |
| GORRA | <input type="text"/> |
| ABAIXO | <input type="text"/> |

5.- Une e atoparás refráns sobre o magosto e as castañas.

O QUE NON SABE MAÑAS

FAN AS DELICIAS DO SAN MARTIÑO.

DESPOIS DO SAN MARTIÑO

AS CASTAÑAS DO SOLITO SON DO MOLICHO.

CASTAÑAS, NOCES E VIÑO

NON COME CASTAÑAS.

A CASTAÑA TEN A MAÑA

**SE ESTÁ VERDE MADURA,
SE ESTÁ MADURA CAE.**

TEMPERÁ É A CASTAÑA

**QUE POR SETEMBRO
REGAÑA.**


**A CASTAÑA NO OURIZO
BEN SABE O QUE FAI**

**QUE SE VAI CON QUIEN AS
APAÑA.**

**POLO SAN MARTIÑO FAISE
O MAGOSTO**

**CON CASTAÑAS ASADAS,
VIÑO OLI MOSTO.**

6.- Segue a serie e engade dous números máis.



7.- Localiza a solución da adiviña e escribea.

CASTAÑA COCIÑA PAPAVENTOS CASTAÑA CARTEIRA POLO
LIMOEIRO FALCÓN CASTAÑA FABA CASTAÑA POLBO RA

Alta estou
ladrón vexo vir.
Do meu carapucho
non penso fuxir.

Ave teño de nome
de la o revestimento.
O que non adiviña
non ten discorremento.

No alto me miro
cor de verde teño
por unha risada perdín
canto eu teño.

Alto está e barbas ten
e guinda o que contén.
Altos pais, peludas nais,
fillos con peles.
Adiviña se queres...

8.- Que letra falta?

Está en mes e non en tres.

Repítome moito en castaña.

Son a primeira letra de gusto.

Son a última letra da palabra anterior.

Estou sempre no medio da festa.

Aparezo no souto e desaparezo en soubo.

É a vogal que se repite tres veces en ollomol.